

O mundo persistente e os mundos posibles por Tito Asorey

Un dos maiores praceres que se sente como director é a posibilidade de crear un mundo posible en escena rexido polas súas propias leis. Leis que se basean na creación de convencións que funcionen como código entre o que acontece por riba do escenario e o público que o está presenciando. Este luxo que nos ofrece o teatro permítenos a tentativa de analizar o noso universo nun espazo acoutado, de escasos metros cúbicos.

Nas nosas primeiras conversas, Fernando Epelde e mais eu comezamos a precisar as temáticas que nos estaban a roldar pola cabeza neste momento das nosas vidas. Falamos entón da virtualidade que semella ter cada vez máis presenza en nós (ata o punto de que todas as nosas conversas para este proxecto tiveron lugar a través dunha cámara web); dos recordos en papel dos nosos avós e avoas, que gardamos coma tesouros; de Henry D. Thoreau e a súa teoría sobre a desobediencia civil, o individualismo e o retorno á sinxeleza como motor de revolución persoal; da falsa sensación de liberdade que nos podían ofrecer os videoxogos; dese recorrente sentimento de nostalxia analóxica, que por veces nos invadía aos que, debido á idade, aínda puidemos coñecer o mundo sen Internet.

Todos eses temas fóronse concretando dun xeito natural ao longo dos meses ata que foi nacendo *O mundo persistente*, un espectáculo creado para un equipo artístico conformado por mozas e mozos que están a finalizar os seus estudos en Arte Dramática en Vigo, Lisboa e Porto.

Traballar con actores novos é algo que sempre me resultou enormemente satisfactorio pola súa entrega, o seu gran desexo de xogar en escena e a súa capacidade de arriscar, sabendo que teñen todo por gañar e moi pouco que perder. Todas estas características pódense facer extensibles ás mozas e mozos que completan o equipo artístico, cuxas achegas, deseños e propostas fan que este mundo persistente se converta nun mundo posible.

O mundo persistente podería ser a historia (si, é das pezas que contan unha historia) dunha cuadrilla de amigos que fan unha viaxe. Si, coma *Os Goonies*. Pode que sexa un intento de imaxinar un mundo futuro certamente distópico. Si, como *Fahrenheit 451*. Tamén poderíamos dicir que é a historia dun revolucionario que trata de ofrecerlles aos rapaces un novo modo de ver o mundo. Si, como *O club dos poetas mortos*. Quizais alguén vexa a historia do paso do interior do espello ao seu exterior, nun reverso da *Alicia* de Carroll, ou unha sorte de versión de *Peter Pan* e os seus nenos perdidos.

Ter a oportunidade de vivir esta creación foi un pracer inmenso. Agardamos que a mestura deste cóctel referencial sexa do voso agrado.

O mundo persistente e os mundos possíveis por Tito Asorey

Um dos maiores prazeres que se sente como diretor é a possibilidade de criar um mundo possível em cena regido por suas próprias leis, com base na criação de convenções que funcionem como código entre o que acontece em cima do palco e o público que o está presenciando. Este luxo que oferece o teatro permite a tentativa de analisar o nosso universo em um espaço cotada, de escassos metros cúbicos.

Nas nossas primeiras conversas, Fernando Epelde e eu começamos a precisar os temas que estavam a rondar pela cabeça neste momento de nossas vidas. Falamos então da virtualidade que parece ter cada vez mais presença em nossas vidas (de fato, todas as nossas conversas para este projeto foram através de webcam); das lembranças em papel de nossos avós e avós que guardamos como tesouros; de Henry D. Thoreau e sua teoria sobre a desobediência civil, o individualismo e o retorno à simplicidade como motor de revolução pessoal; da falsa sensação de liberdade que nos podiam oferecer os jogos de vídeo; desse recorrente sentimento de nostalgia analógica que por vezes nos invadia a que, devido à nossa idade, mas fomos capazes de conhecer o mundo sem internet. Todos esses temas foram concretizando de forma natural durante os meses até que foi nascendo *O mundo persistente*, um espetáculo criado para uma equipe de arte formado por jovens que estão a terminar os seus estudos em Arte Dramática em Vigo, Lisboa e Porto.

Trabalhar com atores novos é algo que sempre me foi muito satisfatório por sua entrega, seu grande desejo de jogar no palco e sua capacidade de arriscar, sabendo que têm tudo para ganhar e pouco a perder. Todas estas características podem fazer extensíveis às jovens que completam a equipe de arte, cujas contribuições, desenhos e propostas tornam este mundo persistente se transforme em um mundo possível.

O mundo persistente poderia ser a história (sim, é daquelas peças que contam uma história) de uma Quadrilla de amigos que fazem uma viagem. Sim, como *Os Goonies*. Você pode ser uma tentativa de imaginar um mundo futuro certamente distópico. Sim, como *Fahrenheit 451*. Também poderíamos dizer que é a história de um revolucionário que tenta oferecer aos jovens um novo modo de ver o mundo. Sim, como *O clube dos poetas mortos*. Talvez alguém veja a história da passagem do interior do espelho para o exterior, em um verso da *Alice* de Carroll, ou uma espécie de versão de *Peter Pan* e seus filhos perdidos.

Ter a oportunidade de viver esta criação foi um prazer imenso. Esperamos que a mistura do coquetel referencial seja do vosso agrado.

Se tiveses que debuxar a un ser humano do século XXI...

Unha explicación a *O mundo persistente* por Fernando Epelde

Se tiveses que debuxar un ser humano do século XXI, que debuxarías? Quizais as súas costas e a silueta do seu cranio, sempre recortada contra un gran plasma luminescente. Debuxarías a súa cabeza permanentemente descolgada sobre máis pantallas.

Se tiveses que retratar a este home do presente, debuxarías máis pantallas que carne. Debuxarías cristal, luz, plasma e teclas, pero apenas chegarías co teu lapis máis aló do busto. Se alguén do futuro vise este debuxo, podería pensar que quizais non tivésemos pernas nesta época da historia, ou que, se cadra, non as usabamos demasiado.

O mundo persistente é un texto que bebe do presente máis inmediato para construír unha historia universal coa mocidade como máximo atractivo, un texto protagonizado por personaxes novos e para ser levado á escena por actores novos. Unha peza cargada de contrastes fortes, que contrapón a filosofía en movemento de Henry D. Thoreau coas novas tecnoloxías en mans das xeracións que gobernarán o futuro, que presenta os feitos sempre dende a curiosidade e a poética, fuxindo do xuízo. Porque neste mundo persistente non existen nin bos nin malos, tan só distintas aproximacións á unha mesma idea de vivir.

O mundo persistente é un termo acuñado no universo dos videoxogos e que alude ás contornas virtuais cuxa actividade continúa en ausencia do xogador. Un mundo que non precisa de nós expresamente e que, paso a paso, vaille devorando terreo á realidade.

O mundo persistente é o noso mundo. E queremos deternos a entendelo en escena, a pesar de que deterse puidese parecer unha parvada a lombos desta inercia que nos empurra.

O mundo persistente é tamén una obra que xoga coa idea dun futuro distópico, para terminar falando dun presente no que as cousas non evolucionaron, senón que se quedaron estancadas para caer sobre o espectador como un reflexo oscilante da súa propia inmediatez.

William Gibson, pai do *cyberpunk*, dicía que antes de abordar calquera novo dispositivo tecnolóxico procuraba ter a precaución de imaxinalo roto ou criando po, exposto no escaparate dalgunha tenda de empeños ou de segunda man.

É esta perspectiva desde a que pretendemos mostrar o noso presente, coa precaución que esta celeridade absoluta esixe, minguados ante un sistema que non se detén aínda que ti decidas facelo.

Se você tivesse que desenhar um ser humano do século XXI...

Uma explicação para *O mundo persistente* por Fernando Epelde

Se você tivesse que desenhar um ser humano do século XXI, que desenharia? Talvez as suas costas e a silhueta de seu crânio, sempre recortada contra um grande plasma luminescente. Desenharia sua cabeça permanentemente alta sobre mais telas.

Se tiver que retratar este homem do presente, desenharia mais telas que carne. Desenharia vidro, luz, plasma e teclas, mas apenas chegar com o seu lápis para além do busto. Se alguém do futuro visse este desenho, poderia pensar que talvez não tivéssemos pernas nesta época da história, ou que, talvez, não as usava muito.

O mundo persistente é um texto que bebe do presente mais imediato para construir uma história universal com a juventude no máximo atraente, um texto estrelado por personagens novos e para ser levado à cena por atores jovens. Uma peça cheia de contrastes fortes, contrapondo a filosofia em movimento de Henry D. Thoreau com as novas tecnologias nas mãos das gerações que governarão o futuro. Apresentando os fatos sempre a partir da curiosidade e a poética, e fugindo do julgamento. Porque neste mundo persistente não existem nem bons nem maus, apenas diferentes aproximações à uma mesma idéia de viver.

O mundo persistente é um termo cunhado no universo dos videogames e que se refere às ambientes virtuais cuja actividade continua na ausência do jogador. Um mundo que não precisa de nós expressamente e que, passo a passo, você vai devorando terreno da realidade.

O mundo persistente é o nosso mundo. E queremos parar a entender em cena, apesar de deter pudesse parecer uma tolice a lombos desta inércia que nos empurra.

O mundo persistente é também uma obra que joga com a idéia de um futuro distópico, para terminar falando de um presente em que as coisas não evoluíram, mas ficaram estagnadas para cair sobre o espectador como um reflexo oscilante de sua própria rapidez.

William Gibson, pai do *cyberpunk*, dizia que antes de iniciar qualquer novo dispositivo tecnológico procurava ter o cuidado de imaginar quebrado ou criando poeira, exposto na vitrine de alguma loja de penhoras ou de segunda mão.

É esta perspectiva a partir da qual nós pretendemos mostrar o nosso presente, com a cautela que esta celeridade absoluta exige, minguados para um sistema que não pára mesmo que você decidir fazê-lo.



O Proxecto NÓS – territorio (es)cénico Portugal Galicia é a base dun conxunto de sinerxías entre Portugal e Galicia. Investir nas relacións con Portugal significa investir no futuro. Este é, por iso, un proxecto de cooperación entre as tres escolas nacionais de teatro (Lisboa, Porto e Galicia) e os tres teatros nacionais (TNDM II, TNSJ e Centro Dramático Galego) para crear condicións de produción nacional tendo en mente a circulación profesional de alumnado portugués e galego. Con isto, tentamos crear desde o proceso de formación, redes artísticas e de creación. O Proxecto NÓS ten o plan fundamental de crear redes para o futuro. Esta é a segunda edición do proxecto iniciado en 2015 e agardamos que a sigan moitas máis.

O Projeto NÓS – territorio (es)cénico Portugal Galicia é a base de um conjunto de sinergias entre Portugal e a Galiza. Investir nas relações com a Galiza significa investir no futuro. Este é, por isso, um projeto de cooperação entre as três escolas nacionais de teatro (Lisboa, Porto e Galicia) e os três teatros nacionais (TNDM II, TNSJ e Centro Dramático Galego) para criar condições de produção nacional tendo em vista a circulação profissional de alunos portugueses e galegos. Com isto, tentaremos criar desde o processo de formação redes artísticas e de criação. O Projeto NÓS tem o plano fundamental de criar redes para o futuro. Esta é a segunda edição do projeto iniciado em 2015 e esperamos que a seguir veñan muitas mais.

SINOPSE

O mundo persistente é un termo do mundo dos videoxogos que denomina os universos virtuais que sobreviven en ausencia do xogador. Vinte minutos no mundo persistente equivalen a un día no mundo real. No espazo entre estas dúas medidas transcorren as vidas dos mozos protagonistas desta historia, que adoitan falar sempre entre eles enmarcados en pantallas, sen compartir espazos físicos. Para eles, o mundo persistente tornouse a única alternativa interesante fronte a un mundo exterior obsoleto e superado. Todo semella fluir sen perturbacións neste universo de xogo, ata que un destes mozos enferma e a mismísima morte, unha morte de píxeles, aínda que morte ao fin e ao cabo, fai acto de presenza para propoñerlle un pequeno paseo a través do mundo real na compañía dos seus amigos. Un paseo para alguén que xamais camiñou.

SINOPSE

O mundo persistente é um termo do campo de jogos de vídeo, co que se nomeia os universos virtuais que sobrevivem na ausência do jogador. Vinte minutos no mundo persistente equivalem a um dia no mundo real. No espaço entre estas duas medidas, acontecem as vidas dos novos protagonistas desta história, que costumam falar sempre entre eles enquadrados em ecrãs, sem compartilhar espaços físicos. Para esses jovens, o mundo persistente tornou-se a única alternativa interessante frente a um mundo exterior obsoleto e ultrapassado. E tudo parece não ter bordas neste mundo e, acima, as coisas fluem sem perturbações nos jogos de vídeo, até que um desses jovens doente e, a mesmíssima morte, uma morte de pixels, mas a morte o fim e o cabo- faz sentir a sua presença para propor um pequeno passeio através do mundo real na companhia de seus amigos. Um passeio para alguém que nunca caminhou.



Espazos, datas e horarios das funcións en xuño de 2016 Locais, datas e horários de apresentação em junho de 2016

SALÓN TEATRO. Santiago de Compostela. Do 1 ao de 5 xuño
ESTREA. Mércores 1 ás 21:00 h
Do xoves 2 ao sábado 4 ás 21:00 h; domingo 5 ás 18:00 h
De 1 a 5 de junho
ESTREIA. Quarta às 21:00 h
De quinta a sábado às 21:00 h; domingo às 18:00 h

TNSJ - TeCA. Porto
8 a 12 de xuño. Do mércores 8 ao sábado 11 ás 21:00 h; domingo 12 ás 16:00 h
8 a 12 de junho. De quarta a sábado às 21:00 h e domingo às 16:00 h

TNDM II - Sala Estudio. Lisboa
15 a 19 de xuño. Do mércores 15 ao sábado 18 ás 21:00 h; domingo 19 ás 16:30 h
15 a 19 de junho. De quarta a sábado às 21:00 e domingo às 16:30 h

Recomendada para | Classificação etária: M14
Duración | Duração: 90 min

Entidades colaboradoras | Parcería:
CDG (Agadic)
TNSJ
TNDM II
ESAD (Galicia)
IPP / ESMAE (Porto)
IPL / ESTC (Lisboa)

Agradecementos | Agradecimentos: Instituto Camões (Vigo), Câmara Municipal do Porto e Hotel Malaposta, Café Ceuta, IES Audiovisual Vigo, Ermel Morales, Germán Gundín, Javier Quintana, Melania Cruz, Mila Asorey, Bea Bóveda, Alba Muñoz, Marielvy Martínez, Andrea Pérez, Sebastián García Faro, Alba Villar e os titores didácticos da ESAD Mariana Fernández e Eufrasio Lucena

O MUNDO PERSISTENTE de Fernando Epelde

Dirección | encenação
Deseño | desenho da iluminación | Audiovisuais | Son
Deseño da escenografía | desenho da cenografia
Deseño de vestuario | figurinos
Axudante de dirección | encenação | edición de son e vídeo
Rexeduría | direção de cena
Interpretación | interpretação

Operador de luz | son e audiovisuais
Apoio no ST e coordinación técnica en xira
Construción da escenografía | cenografia

Confección e arranxos de vestuario | figurinos
Figurinos e atrezzo | figurinos e aderezos cedidos por
Apoio rexeduría | direção de cena

Apoio luz

Apoio son e audiovisuais

Apoio maquinaria

Produción

Produción da loxística dos alumnos durante os ensaios

Tradución

Tito Asorey
José Manuel Faro (ESAD)
Miguel Costa (ESMAE)
Sofía Rodrigues (ESTC)
Javier Lojo (ESAD)
Mariana Silva (ESMAE); TeCA Cátia Esteves
Germán Alvarez e Tamara Barja (ESAD), João
Cachola e Vicente Wallenstein (ESTC), Marta
Dias e Hugo Olim (ESMAE) coa participación de |
participação de **Miguel Costa (ESMAE)**
José Manuel Faro (ESAD)
Juanjo Amado
Talleres CDG (Fernando Fraga, Antonio Mayo,
Xaquín Rei)
TNSJ (Elisabete Leão)
TNDM II, TNSJ; CDG
CDG Salvador Forján; TeCA Cátia Esteves;
TNDMII Carlos Freitas
TeCA Abilio Vinhas; TNDM II Pedro Alves
e Luís Lopes
ST Guillermo Vazquez e Antonio Budiño; TeCA
António Bica, Joel Azevedo e Fernando Costa;
TNDM II Pedro Costa
ST Elixio Castro, Mauro Chao, Reinerio
Rodríguez; TeCA Joel Santos; TNDMII Rui
Carvalheira
CDG Francisco Veiga; TNSJ Maria Joao Teixeira,
Eunice Basto; TNDM II: Carla Ruiz, Rita Forjaz
ESAD: Cristina Domínguez, Xavier Castiñeira;
ESMAE: Pedro Soares; ESTC: Margarita
Saraiva, Álvaro Correia
Instituto Camões (Galiza) Ana Gravata Ramos

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
Rúa Nova 34, Santiago de Compostela
T. +34 981 58 11 11 (de 9 a 14 h)
www.centrodrumatico.gal
www.agadic.gal
f cdg.salonteatro
f OMundoPersistente

TEATRO NACIONAL D. MARIA II
Praça D. Pedro IV | 1100-201 Lisboa
T. +351 213 250 800
www.teatro-dmaria.pt

TEATRO NACIONAL SÃO JOÃO
Praça da Batalha | 4000-102 Porto
T. +351 223 401 900
www.tnsj.pt

ENTIDADES COLABORADORAS



APOIO AO ESPECTÁCULO



APOIO À DIFUSÃO

